



XUNTA
DE GALICIA

Proalis CARBON

Programa colectivo de acción climática
e descarbonización para o sector alimentario



Colabora:



ALIANZA
GALEGA
POLO CLIMA

O **Programa Colectivo de Acción Climática e Descarbonización, PROALIS CARBON**, é unha iniciativa para impulsar a acción climática e a transformación sostible do sector alimentario galego.

O Clúster Alimentario de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e sendo Vegalsa-Eroski empresa tractora, impulsan este programa como parte do seu compromiso coa sustentabilidade do sector alimentario galego. Esta iniciativa inscríbese no marco da Alianza Galega polo Clima, contribuíndo activamente aos obxectivos comúns para acadar a Neutralidade Climática de Galicia antes de 2050.

PROALIS CARBON, busca situar o sector alimentario galego como referente en sustentabilidade ambiental e líder na descarbonización, con un programa que poida ser escalable e replicable en outros sectores, combinando competitividade, calidade e seguridade alimentaria cun firme compromiso non só coa saúde e a calidade, senón tamén co medio ambiente, co clima e co coidado das vindeiras xeracións.

Este programa pretende ofrecer ás empresas coñecementos clave, ferramentas prácticas e acompañamento experto para avanzar cara a modelos produtivos máis sostibles, eficientes e resilientes fronte ao cambio climático.

O programa consta das seguintes fases:



Diagnóstico
para coñecer as
necesidades



Programa formativo
en sustentabilidade
e descarbonización



Servizo de coaching
e asesoramento
experto



Avaliación
dos avances
acadados



Beneficios para as empresas participantes

1

Programa intensivo de formación e coñecemento

2

Coñecemento da cadea de valor e das interdependencias para obter datos ambientais de calidade

3

Apoio en gobernanza climática e desempeño ambiental mediante asesoramento experto para fortalecer a estratexia de acción climática e descarbonización

4

Acceso a ferramentas de cálculo e priorización para calcular as pegadas ambientais

5


Axilidade para adaptarse aos novos requerimentos do mercado

6

Coñecemento de solucións tecnolóxicas dispoñibles e innovadoras para reducir as pegadas ambientais ou favorecer a captura de carbono

7

Networking para a xeración de alianzas orientadas á descarbonización



A participación no Programa estrutúrase en dúas vías:

MODALIDADE EMPRESA ACTIVA CLIMA

Para aquelas empresas que están a iniciar o seu camiño climático e de descarbonización. Estas entidades participarán no itinerario formativo cun enfoque centrado na formación interna e na creación dunha cultura de sustentabilidade. Disporán de ferramentas de autodiagnose e boas prácticas adaptadas ao sector.

MODALIDADE EMPRESA ÉLITE CLIMA

Dirixida a empresas seleccionadas en función do seu grao de madurez climática, do compromiso mostrado e da necesidade de apoio técnica ou extratécnica. Beneficiarán dun acompañamento experto individualizado, así como do recoñecemento como empresas líderes que protexen, impulsan e fortalecen o clima, actuando como referentes non só para o sector, senón tamén para Galicia.

Para acceder á modalidade **Empresa Élite Clima**, as empresas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1

Ser unha empresa do sector alimentario e das bebidas.

2

Contar cunha necesidade de apoio definida, xa sexa por parte do mercado ou pola súa estratexia interna.

3

Ter aproveitado de maneira efectiva as accións formativas.

4

Adherirse á Alianza Galega polo Clima.



DIAGNÓSTICO

DIRIXIDO A

Empresas do sector alimentario que desexen participar no programa e obter unha diagnose da súa situación actual en materia de sustentabilidade e descarbonización.

A participación contribuirá a visibilizar a realidade do sector alimentario en Galicia e permitirá avanzar na formación e sensibilización dos equipos das empresas.

FORMATO

Cubrir o seguinte cuestionario

[Acceder ao cuestionario](#)

FORMACIÓN

DIRIXIDO A

Empresas de calquera tamaño do sector alimentario, con ou sen experiencia previa en sustentabilidade e descarbonización.

FORMATO

Obradoiros prácticos presenciais cunha duración de 4 horas, que permitirán adquirir coñecementos relevantes en materia de sustentabilidade e cambio climático.

CALENDARIO DE FORMACIÓN

SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO
10 SET Sesión 1 Dobre materialidade e avaliación de riscos climáticos 24 SET Sesión 2 Comunicación da sustentabilidade, CSRD e memorias de sustentabilidade	08 OUT Sesión 3 Medición de pegadas: alcance 3 de HdC e Pegada hídrica	05 NOV Sesión 4 Liñas estratéxicas para a descarbonización e <i>Lean & Green</i> para a redución



SERVIZO DE COACHING

As empresas recibirán acompañamento de 25-30 horas por proxecto por parte de persoas expertas en sustentabilidade, gobernanza climática, cálculo da pegada de carbono e medidas para a descarbonización e a adaptación ao cambio climático.

AVALIACIÓN

Esta fase final centrarase na avaliación dos resultados obtidos ao longo do programa. Realizarase un balance dos logros acadados por cada empresa participante, analizando os avances en sustentabilidade, gobernanza climática e medidas de descarbonización implementadas.

COMO PARTICIPAR

Para solicitar formar parte de PROALIS CARBON 2025 é preciso cumprimentar e enviar o formulario de inscrición.

Seleccionaranse ata 15 empresas para acceder ás fases iniciais do programa. Posteriormente, 5 delas poderán pasar ás fases avanzadas como Empresas Élite Clima.

[Formulario de inscrición](#)

